



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Practicum	Código	652512207	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Bueno Aguilar, Juan Jose Cruz Lopez, Laura Espido Bello, Xosefa Eva Espineira Bellon, Eva Maria Fernandez Prieto, Marta Gonzalez Sanmamed, Mercedes Iglesias Galdo, Ana Maria Mendez Garcia, Rosa Maria Pose Porto, Hector Manuel Ríos de Deus, María Paula Rouco Ferreiro, Javier Francisco Sanchez Bello, Ana Sanchez Blanco, Concepcion Serantes Pazos, Araceli Teasley Severino, Cathryn Torres Santomé, Jurjo Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	juan.j.buenoa@udc.es laura.cruz@udc.es eva.espido.bello@udc.es eva.espineira@udc.es marta.prieto1@udc.es mercedes.gonzalez.sanmamed@udc.es ana.iglesias@udc.es rosa.mendez@udc.es hector.pose@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es javier.rouco@udc.es ana.sanchez.bello@udc.es concepcion.sanchez.blanco@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es cathryn.teasley1@udc.es jurjo.torres@udc.es helena.zapico@udc.es	
Web	http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&id_titulacion=600			
Descrición xeral	<p>O prácticum do mestrado leva consigo 150h. de traballo, das que o 50% é a realizar no centro (75h) e o outro 50% é para traballar na memoria. Como norma xeral, o prácticum realizarase entre os meses de xaneiro e abril, é supón como promedio 8h semanais, se ben pode adecuarse o horario ás necesidades e organización do centro.</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios do ámbito educativo ou socioeducativo do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro ou institución e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas neste mestrado que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>Polo tanto, este módulo profundiza na formación para a dirección e xestión de centros educativos e equipamentos socioeducativos, a través do desenvolvemento de competencias específicas e prácticas do liderazgo. Procurarase adquirir unha visión de conxunto de desenvolvemento da dirección de institucións educativas, así como das labores inherentes nela</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais propios do ámbito educativo e socioeducativo		AP3 AP5	CM2 CM5
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan aos procesos de dirección, xestión e innovación educativa e socioeducativa			CM5 CM6
Deseñar proxectos e programas e servizos que promovan a participación e o desenvolvemento educativo e comunitario		AP3 AP5 AP6 AP8 AP9 AP11	
Deseñar e implementar programas de avaliación que permitan concretar accións de mellora para os programas, proxectos e servizos nos diferentes ámbitos de dirección e xestión			BM2 BM8 BM11 BM12 BM13 BM14 BM15 BM16

Contidos	
Temas	Subtemas
Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados coa dirección, xestión e innovación de institucións escolares e socioeducativas e os labores inherentes a eles.	1-Planificación estratéxica e cultura participativa 2-Metodoloxías participativas da análise da realidade 3-Formulación e avaliación do plan estratéxico 4-Orientacións para a realización da memoria de prácticas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A3 A5 A6 A8 A9 A11 B2 B8 B11 B12 B13 B14 B15 B16 C2 C5 C6	75	0	75
Análise de fontes documentais	A8 B12	0	10	10
Seminario	A9 A11 B2 B11	10	0	10
Portafolios do alumno	A5 A6 B13 B14 B15 B16	0	45	45
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 150 horas de permanencia na institución escolar e socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de dirección e xestión propia institución.



Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución do ámbito escolar e socioeducativo. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento dos centros, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum
Seminario	<p>1.Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2.Selección de institución (2 horas).</p> <p>3.Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin. -Ao finalizar a estada na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.
Portafolios do alumno	Ver anexos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Saídas de campo Seminario	<p>A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum e o plan de traballo. O profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</p> <p>O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Ademais, manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A5 A6 B13 B14 B15 B16	Os criterios avaliativos serán: <ul style="list-style-type: none"> - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar. -Expresión escrita propia e claridade expositiva -Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións. - Capacidade de autoavaliación e autocrítica - Orixinalidade da proposta 	45
Saídas de campo	A3 A5 A6 A8 A9 A11 B2 B8 B11 B12 B13 B14 B15 B16 C2 C5 C6	O titor/a da facultade será o único que realizará a avaliación, valorando a implicación e a actuación do alumnado nos centros de practicum	50



Seminario	A9 A11 B2 B11	Avaliándose cos criterios -Asistencia a todas as sesións -Calidade das achegas á hora de expor dúbidas, expor ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese, etc.	5
-----------	---------------	---	---

Observacións avaliación

Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar, será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas e portafolios. Elementos de avaliación que se poden recuperar na 2ª oportunidade de avaliación (Xullo): 1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida en xuño mantense para xullo. Isto supón que un suspenso en xuño implica a non superación da materia. 2. Os seminarios e xornadas non se poden recuperar, polo que a nota en xuño mantense para xullo. 3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere en xuño terá ocasión de melloralo en xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos avaliados. Cualificacións: 1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada elemento avaliado, co seu peso respectivo. 2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota de parte non superada. 3. Non realizar as prácticas e estando matriculado na materia supón un NP. 4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4, que se corresponde con un 10 nas prácticas.

Fontes de información

Bibliografía básica	Cómpre consultar a listaxe das diferentes materias do mestrado segundo o ámbito elixido e de acordo as indicacións do titor/a
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías